



Expresa a súa solidariedade coas familias afectadas

Pilar Rojo condena o atentado de Burgos e agarda que os seus autores sexan detidos e postos a disposición xudicial

Santiago, 29 de xullo de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, condena o atentado perpetrado a pasada madrugada en Burgos, unha mostra de comportamento bárbaro e irracional sobre cuos autores acabará impoñéndose todo o peso da Xustiza.

Pilar Rojo amosa a súa confianza en que o traballo das forzas e corpos de seguridade permitirá deter e poñer a disposición xudicial aos responsables do atentado.

Rojo Noguera tamén traslada a súa solidariedade ás familias que se viron afectadas pola explosión.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA